



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza e a Asociación Esperanza Salnés*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 13 de marzo de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN ESPERANZA SALNÉS

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o Conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

Antecedentes

No exercicio das súas competencias, o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración coa Asociación Esperanza Salnés para a realización durante o ano 2018 do programa de Intervención Terapéutica.

O obxecto da Asociación Esperanza Salnés é a promoción e realización de actividades que sexan contributivas de atender as necesidades e mellorar a calidade de vida dos nenos/as e mozos/as de entre 2 e 18 anos que padezan algunha discapacidade física, intelectual, sensorial, parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, incidindo especialmente no eido asistencial e favorecendo a súa integración familiar, social e laboral.

A Asociación Esperanza Salnés está a desenvolver actividades de Atención Terapéutica de nenos e nenas con discapacidade física ou intelectual de moi diversas patoloxías. Para a consecución deste obxectivo esta asociación está levando a cabo distintas actividades para proporcionar unha atención terapéutica especializada e individualizada nas distintas áreas de actuación ás persoas con calquera tipo de minusvalía de idades comprendidas entre os 2 e os 8 anos, salvo excepcións puntuais, tanto escolarizadas como sen escolarizar debido ás patoloxías asociadas, co fin de axudar a mellorar a súa calidade de vida e á súa integración plena no ámbito educativo e socio-familiar.

Finalidade





Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Esperanza Salnés no desenvolvemento destas actividades. Esta asociación conta cunha unidade de atención no Concello de Cambados que presta asistencia diaria a nenos/as e mozos/as de toda a Comarca do Salnés, levando a cabo actividades destinadas a unha mellora da súa calidade de vida.

A existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible se a axuda e colaboración da Administración Pública, dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á entidade a cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000€) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Incorpórase ao expediente a declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula terceira e cuarta do convenio recóllese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

Por todo o anterior considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Esperanza Salnés para desenvolver actividades de Atención Terapéutica de nenos e nenas con discapacidade física ou intelectual de moi diversas patoloxías.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

